




NORMAS ESPECÍFICAS PARA AS AULAS DE TEORÍA, LABORATORIO E TALLERES DE PATRONAXE E DE CONFECCIÓN

UNIFORMIDADE



- É obrigatorio o uso de batas mentres se traballa nos talleres, con independencia do curso/módulo no que estea.
- Uso de calzado axeitado: non empregar tacóns nin plataformas.
- Manter unha correcta hixiene persoal, tanto de corpo como da indumentaria

EMPREGO DE MAQUINARIA e UTILLAXE



- USO DE MÁQUINAS DE CORTE: o alumno deberá ter o cabelo recollido durante o emprego das máquinas de corte. Tampouco poderá ter posto bufandas, colares, aneis ou outros complementos que poida supoñer un risco.
- USO DE MÁQUINAS DE COSER PLANAS: o alumnado manterá baixas as proteccións de metacrilato para evitar accidentes nos ollos coa rotura de agullas.
- USO DE FERROS: o alumnado deberá seguir as instrucións de acendido, mantemento e apagado segundo indican os carteis dos talleres.
- USO DE TINTURAS OU REACTIVOS VOLÁTILES: prestarase especial atención ás medidas de ventilación para evitar intoxicacións por inhalación.
- PROHIBIDO, tanto para o alumno como para o profesorado, o emprego de máquinas de corte, tesoiras ou coitelas sen protección das luvas metálicas.

LIMPEZA E ORDE



- Ao remate de cada quenda de traballo, as aulas, laboratorio e talleres quedarán limpos e ordeados, apagaranse as máquinas, limparanse as mesas, recolleranse os tecidos e pasarase a vasoira se é necesario.
- Recolleranse os fíos das máquinas de coser e gardaranse na caixa que lle corresponda segundo o seu colorido, coa excepción das máquinas especiais e as overlocks, que quedarán sempre enfiadas para facilitar as tarefas do seguinte grupo de traballo.

Material que o alumnado ten que levar a clase

- Regras e outro material de patronaxe: escuadra e cartabón, escalímetro, siseiro, sable, goma de borrar, portaminas, bolígrafos borrables, tesoiras para cortar tecido e fíos e tesoiras para cortar papel e cartón.
- Material para confección: unha cápsula para máquina plana Yuki e 2 ou 3 canelas.
- Batas brancas que cumpran as medidas de seguridade cuxo deseño será escollido polos membros do departamento, así pois o largo das batas será por riba dos xeonllos, terán manga corta, cremalleira e petos.
- En cada módulo o profesorado poderá especificar outros materiais a maiores que o alumnado tamén deberá traer a esas clases.

RECORDATORIO NORMAS DE CENTRO



- Lémbrese que a puntualidade, tanto do profesorado como do alumnado, é importantísima para non entorpecer o labor e dereito á formación do alumnado
- Non se permite o uso de teléfono móbil ou outros dispositivos portátiles durante as clases, a non ser que o autorice o profesorado de forma puntual, sendo obrigatorio seguir as indicacións do mesmo para dito uso.
- O alumnado e o profesorado non pode deixan cousas persoais nos talleres nin nas aulas.

RECORDATORIO PARA O PROFESORADO

USO TALLER REMATADAS AS CLASES

- Ningún/ha alumno/a ou grupo poderá permanecer nas aulas de patronaxe, laboratorio e talleres, se non están acompañados/as polo profesorado responsable do módulo.

USO DUN TALLER DISTINTO AO ASIGNADO

- Se un grupo é bastante numeroso no seu taller adxudicado e hai outro taller libre no mesmo horario, o profesorado do grupo poderá empregar o taller baleiro co seu alumnado facéndose responsable do mesmo.
- Calquera taller, que nun momento determinado estea libre, poderá ser empregado polo profesorado co seu alumnado, informando á Xefa do Departamento con antelación.
- En ámbolos dous casos, cando se produza un cambio de taller, o profesor **OBRIGATORIAMENTE** deberá avisar en conserxaría para que esta, á súa vez, informe ao persoal de limpeza e este poida organizar o seu traballo.

PETICIÓN DE TALLER

- En ocasións especiais, tales como a preparación para os SKILLS, algunha recuperación de horas, etc., o profesorado interesado informará/solicitará á Xefa de Departamento, con antelación, poder empregar o taller que estea libre no horario necesitado.

VERIFICAR



- O docente responsable vixiará o estado de limpeza e orde nas aulas, talleres ou laboratorios antes de abandonalos, asegurándose ademais de que se teñen tomado as medidas de seguridade oportunas (correcto apagado da maquinaria, peche de billas se procede..).
- Os docentes diariamente reservarán tempo suficiente o final do período lectivo do/s módulo/s que imparten no taller ou laboratorio para permitir o alumnado deixalo limpo e ordenado.